

«Cunqueiro fíxome ver que coa lingua que escoitaba na casa tamén se contaban historias»

O autor Riveiro Coello presentou en Ourense «Hotel Carioca», a obra coa que gañou o Premio de Novela Álvaro Cunqueiro

MARÍA DOALLO
OURENSE / LA VOZ

Antón Riveiro Coello (Xinzo, 1964) ten case trinta obras publicadas e é capaz de seguir sorprendendo e enganando ao lector e a crítica con cada nova publicación. A última, *Hotel Carioca*, acadou o Premio de Novela Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo na súa primeira edición. O galardón incluía a edición da obra gañadora e dende que o libro viu a luz, fai menos dun mes, non para de xirar e chegar cada día a máis xente. Este venres a Riveiro Coello tocoulle presentalo na casa, en Ourense. Foi nunha cita vespertina na librería Eixo que reuniu a decenas de persoas.

—Que supuxo este novo premio para vostede?

—Fíxome moita ilusión de forma especial porque no ano 2000 fun o gañador da que foi a última edi-

ción do Premio de Narrativa Álvaro Cunqueiro, que organizaban entre Vigo e Mondoñedo. Por razóns que descoñezo desapareceu ese mesmo ano e sempre me quedou un pequeno regusto amargo. O feito de que agora xurdira este novo recoñecemento foi unha moi boa noticia. Asociar o meu nome a Cunqueiro é importante para min porque se eu decidín ser escritor é precisamente grazas a autores coma el.

—Hai influencia do escritor de Mondoñedo na súa prosa?

—É difícil pensar que partes dun escritor pode haber en ti, pero sinto que si. Eu teño unha imaxinación hiperbólica, non tanto como Cunqueiro porque el era capaz de crear mundos impensables. Sen dúbida o que lemos inflúe na nosa escritura e concretamente este é un dos poucos autores dos que eu debín ler toda a súa obra.

—Se tivese que escoller so unha,

con que publicación de Cunqueiro se quedaría?

—Polo que significaron, escollería dúas, *Merlín e familia* e *As crónicas do Sochantre*. Son as que recordo máis gratamente polo momento nas que as descubrín. Eran libros que lle mandaban ler a miña irmá na escola e foron os primeiros que lin en galego, xunto con algún de Carlos Casares. Tiveron a súa importancia: fixéronme ver que coa lingua que escoitaba na casa tamén se contaban historias.

—Xa pasou un mes dende que se publicou «Hotel Carioca» e segue chegando cada día a máis xente. Nota que o premio inflúe na acollida da obra?

—Eu quero pensar que os premios serven para darlle máis visibilidade a determinadas obras, pero tamén que hai lectores que agardan polas miñas lecturas. É grato saber que non escribo por min mesmo senón que escribo por e para os demais.



O escritor presentou a súa novela na librería Eixo. SANTI M. AMIL

—A crítica di que estamos ante o seu mellor libro ata o de agora. Que lle parece?

—Eu neste son moi prudente porque non podo afirmalo. Sei que é unhas das miñas obras máis traballadas, na que me impliquei especialmente porque a escribín durante a reclusión da pandemia e axudoume a que non fose un peche tan claustrofóbico. Pero a decisión é dos lectores e aí tamén sinto que hai diversidade de opinión. Non me gustaría que me recoñecesen por unha soa obra. Gústame a variedade de opinións. Dende logo eu non podo decidir porque sería coma escoller a que fillo queres máis.

—Vén de presentar o libro en Ourense, que é a súa provincia. Como trata ese lector a súa obra?

—Ourense é unha parte importante de min e gústame pertencer á pequena Atenas literaria que se creu na provincia. Recoñezo que teño certa predilección por ir alí e tamén a Xinzo porque, como é normal, é bonito ser recoñecido na miña terra. A verdade é que para quen primeiro escribo é para a xente que me coñece, que ten rostro, coa que convívín, e esas persoas están en Ourense e na Limia. O lector de estas zonas comparte a ilusión comigo porque ao final temos características vitais comúns e síntese moito máis querido.